

(RE)

NAMO

RAR



(RE)
NAMORAR

VOLVER QUERER
DESPOIS DA DOR





01673785

CARTA II

22/09/2022

Sei que é un formalismo, pero un compromiso é unha base rixida e forte. Permúteme sentirme segura. É darme a certeza de que non che molestan as miñas manías e particularidades, de que non son un estorbo nin un peso, de que che gustan os meus mimos e cariños, de que non son irrelevante, de que me queres e queresme contigo.

Cando as flores do meu cuarto murchen mercarei un novo ramo para o teu. Nunca estaremos nun fogar sen flores ata que teñamos que marchar

quérote

23:57 ✓✓

lo siento

21:56



AS FASES DO LOITO DE KÜBLER-ROSS

1. Negación:

Incredulidade, confusión, shock.

2. Ira:

Reacción ao suceso e conciencia da perda, rabia cara
entorno e cara un mesmo.

3. Negociación:

Nostalxia e desexo de recuperación, metas e obxectivo

4. Depresión

Baleiro e dor profunda.


5. Aceptación

Adaptación, inicio de novas relacións afectivas.

*Pero isto que
eu sinto parece
un batiburrillo...*

O LOITO

Agosto 2022



18 XUÑO 2022

Dende que marchaches creceume un pouco máis o pelo, uso máis sombras e lapis de ollos porque perdín o eyeliner e non me gusta coller o autobús porque tamén perdín a tarxeta de transporte e saíame caro. A verdade é que dende que marchaches perdín moitas cousas. Levo camiñando unha tempada con zapatos que me fan doer os pés e os xeonllos. Merquei uns patíns pero úsoos pouco porque me dá medo caer. Se estiveses ti caería vinte veces e daríame igual. Pero levas moito sen estar. Horas, días, semanas. En ocasións sinto que levas meses sen vir por aquí. Noutras sinto que xa hai anos. Nos días máis tristes parece que nunca viñeches.

Véxote onde xa non estás. Vexo os rastros que deixaches - a guitarra fóra da funda, a roupa no armario, o teu olor na habitación - e noto como se me instala unha nube no interior da caixa torácica e comeza a chover. Vexo a túa sombra e noto a túa presenza nos puntos cegos e nos reflexos fugaces.



Noto a túa ausencia como un peso que me afunde o corpo no chan. Quero buscar un rosario, vestirme de negro e chorar a túa falta, aínda que sei que segues vivo, aventureiro e moi libre (máis libre do que serei eu nunca e máis libre do que serías de estar aquí comigo).

Y muérame yo antes de tú morir porque probado queda que no hay pena mayor que no escuchar tu voz, ni ver tus ojos, ni escuchar tu risa.



non sei que
facer con
todo o que
CONSTRUIMOS





UN XARDÍN
CHEO DE MENTIRAS
E MANIPULACIONS,
VIOLENCIA E DORES
QUE TARDEI EN
IDENTIFICAR.
POR QUERERTE A TI
DEIXEI DE SER

EU





paixón azul: amar ata que doe

15-10-2022, 1:25

As cousas que me apaixonan parécenme inabarcables e inmensas. Debería encherme de ilusión, de curiosidade e de ambición, pero vexo o océano no fondo da piscina e dáme vertixe. A miña "zona de confort" ten muros de formigón armado. É a fortaleza dun ser feble, brando, puro e asustado, unha nena sen nome cos ollos sempre húmidos.

Nada me fai máis forte nin máis grande: nin o cariño, nin o desexo, nin a violencia.

Quixese sentir a necesidade. Quixese saber que alguén me quere ao seu carón. Como un alívio, un paliativo da soidade, como as mans que suxeitan o peso en caso de caída.

Sei que me queres, pero tamén sei que non soñas comigo. Gústache cando nos atopamos pero non me buscas. Gústache a miña voz pero non chamas para escoitala.

Quixese non sentirme unha vía de tránsito.

Quero ser un xardín con bancos e flores e fontes fermosas para pasear e recrearse na beleza do mundo. É tanto pedir? Non ser o medio, ser o fin. Ser suficiente dentro da escaseza -non podo dar máis porque non teño máis para ofrecer-. Douche o que gardo e é minúsculo, pero é o que colle nesta casa de papel (que está mollada polas bágoas e a piques de romper).



16/10/2022

Quero volver namorarme de ti. Quero que bailemos xuntos. Porque agora quérote, pero sei que o que sentí tempo atrás era **moito máis grande**. Agora dubido

Dubido se realmente isto é o que quería, dubido se é o que necesitabamos. *Sei que me queres, pero tamén queres non soñas conmigo.* Sei que non me ves nos futuros que imaxinas. Levas tempo sen dicirme de ir a algún destino, estrañou ou ao cine. Pido paciencia porque é difícil dicir

saber que vas marchar e saber que ti tamén sabes.

Quero volver namorarme de ti, e sei que é posible. Perdón por ter uns muros tan altos que castigaban o silencio. Perdón por fuxir e recriminar, porque non podía pedir unha aperta cando **quero que naza de ti**. Perdón por estar tan asustada.

Quero coidarte. Quero que me coides. Atenderme mimarte, facerte sentir seguro. Sei que non o estou facendo e dáme pánico facelo e que o rexeites.

Dáme pánico porque sei que atopaches un lugar cómodo na soidade. Que non é un lugar feliz, pero que xa coñeces aos hóspedes que o habitan. Ves a nostalxia como unha compañeira de viaxe.

Intento lerte pero son como un cego que aínda non sabe braille. Coas puntas dos dedos intento memorizar cada curva do teu corpo e poro da túa cara para cando escapases. Porque non sei dicir canto te botei de menos, entón escribocho.

Quero facerte sentir querido. Que vivas o cariño que eu tanto ansío, aínda que xa o non reclame. Non necesito que me soñes se podo vivir nos teus recordos felices. Quero ser a cara que vexas cando penses nun refuxio tranquilo. *Que sexan miñas as cartas que releas e leves contigo.*

Quéresme cando non hai ninguén de testemuña. Faite sentir débil admitir o teu cariño ante os demais? Oxalá me desexas tanto cando brilla o sol. **Oxalá estiveses orgulloso de min. Merezo sentirme visible.**

Eres una odiadora

Es una mentira

Tu no vales para eso

Es una estetica merda!

Non podes pasar

Non sabes nada

TO DAHO???

QUE DICO COS COUSAS

TAN RUEIS??

Que foi ese desastre?

Deixame en paz,
Echíste, parecez estu'pida

ERES COMO D TÚD NAI

só sabes estar mal

POR QUE
Á XENTE
QUE
QUEREMOS?



si tengo que agot a mi hermano y
lleuámelo de casa me lo hezo

fágolle as maletas e póñel
fora de

teño moita saite de terras
contigo

POR QUE NOS
DEIXAN DE
QUERER?



No pretendas que soy un apoyo
emocional para ti


" me la pela, si total me voy a ir "

"Estoy hanta de echarte de
memes hasta llencir "


Siempre estás triste, no
se puede estar contigo.




dous vellos amigos



un grupiño que se separou




unha ex-parella



irmáns que non se falan

vellos compañeiros de traballo



Vera Capellari
MADRID 1873

Café Panamá S.L.
Paseo Colón

REINA SOPHIA
MADRID 1873

CAFÉ PANAMÁ S.L.
Paseo Colón

telefónica

Vera Capellari
MADRID 1873

CAFÉ PANAMÁ S.L.
Paseo Colón



LOS AMANTES?

PRADO



SOPRA O VENTO
NOS CORAZÓN BALEIROS

EVITAR OS OLLOS

19/10/2022 - 3.04h

A bóla branca rompe o triángulo cun golpe seco. O resto de bólas corren, rebotan e foxen no tapete da mesa de billar. Ningunha entra.

As canicas chocan as unhas contra as outras. "Clac, clac, clac" din ante o contacto, saudándose entre elas sen querer iniciar conversa ningunha.

Igual ca os nosos ollos. Orbitan en tódalas direccións posibles para non atoparse de fronte, para non ter que lerse. O iris intenta refuxiarse nos bordes do marco das pálpebras, e cando a presión é desbordante pechámolas. Antes ca vernos, escuridade. *Porque na escuridade non temos que ser honestos, non temos que admitir que existe o outro.* Non me mires, porque cando a túa mirada se clave na miña vas saber o que estou pensando e sentindo, e vas saber que me latea o corazón máis rápido, que se me quentan as orellas e que non sei onde poñer as mans porque **descubro que son visible.** Visible para os ollos que me importan e os que me aterra que me xulguen. Atérrame que me mires porque sei que cara pos ao ver unha obra de arte que che chega ao corazón, *e nunca a puxeches por min.*

Mireite tantas veces tan de preto que afastarme fáiseme estraño. Ver o cadro completo, ver o verde cando antes vía puntiños de cores azuis e amarelas. Probablemente perdera máis do que gañei. Invertín tanto tempo memorizando as túas texturas e pinceladas que a perspectiva volvéuseme borrosa. **Sentinme bidimensional ante a túa profundidade** e quixen rezar co rosario na man, dicirlle a deus que teño unha estampíña co teu selo e que o meu por ti é devoción.


Quixen seguir dogma e sentar cátedra: "aquí vive mi Amor, que es dueño de esta casa y de la sangre de mis venas, fuente de Deseo y de Virtud, y aquí yace mi cuerpo mortal que no supo otorgar de vuelta y ya no es más que polvo y carne podrida".

Crinme viúva longo tempo sen decatarme de que morrera eu. Intento reconducir esta vida miserable sen paixón nin destino fixo, porque durante demasiado tempo o destino daba igual sempre que o camiño fose na túa compañía. **Agora enfróntome soa aos espellos e durmo nunha cama moi grande para min.** O baleiro é palpable e pecho a man esperando unha á que agarrarme, que non está e realmente nunca estivo. A idea de quererte tiña cores vibrantes, pero tardei en darme conta do escamada que estaba a pintura.

SABER QUE HE PERDIDO ALGO VALIOSO

ME DA GANAS DE LLORAR Y DE DESEAR

NO HABERLO TENIDO NUNCA



18/10/2022 - 12.19h

Un día dixiste que non resentías
 cousas grandes para ser feliz, y que
 para eso había que estar flores.
 Espero que este pequeno xorlo
 te haya feliz.

-Barbara

Sabes que, avó? Hoxe é un día fermoso. Levanteime un chisco máis cedo do normal para vir ao médico da vila. Dende o autobús víase a neada e os primeiros raios da mañanciña comezaban a cubrir a terra de luz e calor. Vin escoitando un podcast sobre cine, que é como escoitar a radio pero por internet e á carta, ou algo así.

Botei máis ou menos unha hora na cafetería da alameda porque non había ninguén na casa. Pregúntome que farían aí dous homes de Segovia, porque nesta vila non hai nada que atraía os turistas. Alababan de viaxes e recordos vellos, e dunha Vespa azul.

Eu madruguei hoxe pero ti falo por natureza, así que non che estou contando nada novo. Probablemente esteas na horta e vexas de primeira man como a luz acariña os tomates, as últimas leitugas e as abizas. Sei que ti nesas cousas non te fixas porque levas toda a vida vendoas. Non lle ves a poética ás texturas da terra nin aos reflexos da auga, e tampouco é necesario aínda que eu me alegre de ver a beleza do mundano.

ata me dá tempo a ir a dúas clases porque acabei rápido, mira ti. Estou esperando a que veña o seguinte bus, que xa leva algo de atraso. Hai días así, avó, que son sinxelos.

A Santiago, por favor.

mpre paso un pouco de apuro ao subir porque o corredor é estreito e engánchanseme os petos nos repousabrazos dos asentos. Apoño que á xente máis alta non lle pasa, pero xa sofren abondo e non lle collen ben as pernas ao sentar. Cada un co seu.

Xa non se ve tanto branco nos prados. Aínda se nota o frío do outono, pero non é un frío ruín. É un frío destes que parece dicir "síntocho ben, hoxe tócame a min" e un asinte porque sabe que a desculpa é honesta malia ter toda a razón. Non pode haber flores nos campos e ceos sen nubes eternamente. A primavera non dura máis de tres meses. É estraño que este ano estea todo tan verde en outubro, as árbores tamén se resisten a deixar as roupas de verán. Pobres, ao final son as que máis sofren, o inverno déixaaas espidas.

Ai, avó, por que non poden ser todos os días así de simples? Escríbeme ás dez da mañá e non de madrugada. Non quero pensar en penas máis en corazóns rotos. Non digo que desapareza a tristura, pero si os seus excesos. Non necesito a euforia nin o éxtase se me podo liberar da rabia e da dor. Hai que sufrila, si, de vez en cando e aos poucos. Non hai necesidade de emocións tan magnas e brutais, que fan tremer os corpos ata rompelos. A dor debería ser epitárquica, non continua.

Dime ti, que sempre dis que es vaca vella e curtida, se a amargura marcha co tempo ou se mete na carne. Como vives o loito tan denso para que non se che note? Pregúntomo aínda que sei a resposta porque ti e eu somos iguais, porque te vin chorar e non escondelo. A túa forza tamén está nas bágoas que non che asusta mostrar. Non es un velliño triste, es un Hércules que se levanta só todos os días para ver como os primeiros raios da mañanciña cobren a horta de leite e de calor, e como acariñan os tomates, as últimas leitugas e nabizas.

Hai días así, avó, que son sinxelos. Días nos que as penas xa están choradas e as feridas a medio cicatrizar (aínda que nunca curen todo).

TIVEN QUE
PREGUNTAR
A OUTROS
QUE ERA O
AMOR
PORQUE
EU SENTÍN
QUE ME
ABANDONARA.



The Orange
by Wendy Cope

At lunchtime I bought a huge orange –
The size of it made us all laugh.
I peeled it and shared it with Robert and Dave –
They got quarters and I had a half.

And that orange, it made me so happy,
As ordinary things often do
Just lately. The shopping. A walk in the park.
This is peace and contentment. It's new.

The rest of the day was quite easy.
I did all the jobs on my list
And enjoyed them and had some time over.
I love you. I'm glad I exist.

Este poema fíxome ver que o amor está na vida diaria, na vida normal, na vida común. Compartir froita, saudar emocionadamente a alguén no súper, existir rodeada de outras persoas. Dise que as mellores cousas veñen en frascos pequenos, pero realmente o amor é un líquido que enche toda a existencia. Non é un tesouro pirata que podes atopar se te esforzas e segues as instrucións, teste que parar a mirar (para ver a luz reflectida) e ulir (para notar o arrecendo).

O amor puro, sen engadidos humanos, só pode existir na poesía. O amor perfecto é o de Orfeo e Eurídice, falar un significa falar doutro, pero é unha experiencia totalmente diferente ó amor terrenal e estreito.

because the r...
to help. and ☉ ☐
e. Orpheus loves Eurydice.
to do. Yes, it was his and hi

"Nunca nada remata poeticamente. Remata e non convertímolo en poesía. Todo ese sangue non foi nunca fermoso. Só era vermello" - Kait Rokowski

O amor non é poesía, o amor é mirar a alguén e darlle un sorriso unha aperta, unha boa contestación, un agasallo... a poesía entra unha vez lembrás ese momento. A pura emoción humana non se pode traducir simultaneamente mentres vives a vida. Tan só despois, con calma, cando deixa de ir todo o teu sangue ó corazón (coma se dunha erección se tratase) o cerebro recibe suficiente sustento como para crear poesía (non necesariamente versos ou palabras) dos eventos reais e crús que ocorreron.

Amar non é sentir algo dentro do peito, amar é unha acción. Un amor sen interese, sen preguntas, ten menor densidade. Non necesariamente peor, pero é menos cousa.



tordenejr

love hides in questions, you cannot ask a thing without giving yourself away. how was your day? (i hope it was good) when can i see you again? (i pray it's soon) do you feel safe with me? (i feel safe with you) what is your favorite color? (i wish to enrobe in all that makes you smile)


A única relación (romántica ou non) que é 50/50 é aquela na que dúas persoas morren xuntas. No caso contrario, alguén ten que marchar antes, sempre. Alguén ten que esforzarse menos, sempre. Alguén ten que amar menos, sempre. Unha realidade desafortunada para moita xente pero, como é a única realidade, por ajo y agua.

Someone has to leave first. This is a very old story

There is no other version of this story

- Richard Siken

Eres o meu regalo



queres tan bonito e te preocupas tanto pola xente que es todo bonito

Si las estrellas te ven, piden un deseo...

Tu luz ilumina todo lo que se le ponga delante.

O AMOR DE SARA

[21:55, 1/11/2022] Sara: Para min o amor é un sentimento de alegría, comodidade, pero moi intenso. É como cando chegas a casa un día de moito frío e está o lume feito: **xa non importa se fai frío fóra, ti estás ben.**

O AMOR DE ANDREA

[20:09, 1/11/2022] Valen: El amor es cuando a pesar de todo lo malo que tiene cada persona **decides seguir compartiendo tu vida** con ella para poder mejorarla juntos

[20:10, 1/11/2022] Valen: Y no de forma romántica, amor de pareja, si no en general

O AMOR DE LORENA

[20:42, 1/11/2022] Lorena: Pois para min o amor é o motor da vida, xa que fai que vexas mundo con outro ollos. Ver a alguén sorrir sentirte completo.

[20:42, 1/11/2022] Lorena: Non sei se ten isto.

O AMOR DE AROA

Transcending Dimensions

Northlane



2:43

3:43



O AMOR DE BREIXO

"Máis que bicala, máis que deitarnos xuntos; máis que ningunha outra cousa, ela dábame a man, e iso era amor"

Mario Benedetti, La Tregua (1960)

O AMOR DE CODE

Sabés
dijiste
nunca
nunca fui tan feliz como esta noite.
Nunca. Y me lo dijiste
en el mismo momento
en que yo decidía no decirte
sabés
seguramente me engaño
pero creo
pero ésta me parece
la noche más hermosa de mi vida.


É un poema
Idea Vilarín
Tócame basto
a fibra, com
calquera cou
do que escri
esa mul
que par
que bus
atacom
persoalmen

QUERO UNHA
VIDA CHEA
DE ARTE E
DE GLOBOS
E DE FLORES


Ten que ser máis amable contigo



O AMOR DE BÁRBARA

 **Facundo Calvo** @facucalvo13 · 1 nov.

Yo creo que una posible traducción de amor es anhelar compartir las cosas más cotidianas.

 **Olympia Arango** @ArangoOlympia · 22 ago.

Me parece aberrante que un día el destinatario de todas tus palabras de amor vaya a dejar de serlo, que su risa no te produzca un leve cosquilleo y que el brillo de sus ojos sea solo algo molesto y pasajero. En definitiva, me parece terrorífico que el desamor exista

 **bárbara** @baaarbiiee · 12 oct.

el amor, por más bello que sea, hay un momento en el que rompe


Portazo

Si te marchas de mi vida por favor pega portazo,
que lo oiga y sepa que te has ido,
que la última vez te fuiste de puntillas
y no supe nunca del todo si seguías aquí

Este es un cachito de una carta que escribí hace tiempo. Espero que sirva:

El amor es complicado. Encierra en si mismo un montón de sensaciones contradictorias. Es una herida agradable que da vida, también nos la arrebatada. Me hiciste creer en las promesas, en la eternidad y el amor verdadero. Fui fiel creyente de ese amor que prevalecerá, por mucho que todo cambie, para siempre. Juraba que la infidelidad era una puta leyenda urbana. Mi confianza se pudo mientras mi interior arde.


Eres quien crea mis sueños y los destruye. Ahora deja que me congele en mi propia soledad.



DESPEDIRSE ANTES DO ADEUS cara B

16/10/2022

Eres **coma** o **océano**. Tan profundo, desconocido e imponente. Tan fascinante e maravilloso. Tan azul: calmado, triste. Único, irreplicable. Eu son **coma** os **peixes** que o navegan: **milleiros** e **alleos** ao milagre de existir na **túa** inmensidade. **Ignorantes de canto mundo englobas e escondes, pero agradecidos polo osíxeno que das para vivir.** Agradecida estou de que o océano rodee a terra coa súa maxestuosidade: aínda na **túa** migración **pod**o sentir a presenza na auga das mareas e no sal das miñas bágoas. Grazas por ter feito un oco no teu traxecto para esta parada, aínda que xa non sinta mágoa ao verte partir, aínda que ancores noutros portos e naveguemos en mares distintos.



'Prefiero haber amado y perdido a no haber amado nunca.

Prefiero el sufrimiento de un corazón roto a no haber conocido

la calidez, las mariposas y los besos"

O AMOR DE ANTÓN

No amor non existen as medias laranxas pero si o batido de plátano e fresa. Non quero un espello, senón alguén con quen complementar e quedarme bien fresquito.

As veces penso en como será o futuro, de que traballarei. Será de inventor, como dicía de pequeno, ou traballarei nun taller? Quen sabe. Sempre imaxino algo diferente pero nunca me vexo só.

Penso nunha vida con alguén nunha casa con mascotas. Supoño que o amor pode ao traballo por moito. Unha vida donde esperar por alguén mentres lle fago a cea, e que me conte o seu día.

Cando nos miramos só penso en que me sinto vivo, como se tivese sentido. Cando nos miramos sei que existo. Cando estamos xuntos agradezo á natureza por algo tan tempo, tan humano. Sentirse querido, sentirse pleno. Sentirse vivo non é tirarse dende un décimo, é levantarte ao corazón de alguén sabendo que te espera, que te quere, que te cuida.

Non é fermoso? Como me confundes cando falamos. Estoum
volvendo tolo ou gañoume o teu corazón? De calquera modo
amor fainos vivir.

Amor quizais non sexa o que nos din as pelis. Non é
necesario ir a Italia ou a Francia, vivir cen experiencias. Eu
creo que o verdadeiro amor é darlle de comer aos parrulos
un domingo, secarlle o pelo a alguén cando sae da ducha
levarlle o xarabe á cama cando está enfermo, agarrarlle a
man cando saes do bus, darlle un bico na fronte...
Pensar en alguén cando ves unha cor ou recordas unha
canción, saber que é un querer puro. Só por ver saber que
lle gustaría, coñecerse ata soñar co outro.

O outro día pasei por diante do insti e algo como espera
alguén á saída pareceume fermoso. Non nos gusta espera
pero por amor acampamos se fai falla. Ese momento
onde nos vemos non ten prezo.

Sabes? Unha cousa que perdemos moito é o tempo.
xente namorada parece non ter suficiente. Algo ta
trivial e do que non temos control. Algo do que desexar
poder parar para estar contigo sempre.

Me jasnana tu. mente

Dasme paz.

Quero parar a miña vida
ao redor de ti



Que bro fillo es
como cuidar os teus pais

ERES LA MEJOR

ES a persoa + bondadosa que
CAREO. Convivir contigo é ter un
espazo seguro. MIAIA

O AMOR DE INÉS

O amor e unha cousa que para min Robe describe moi ben, e despois de velo en directo e escoitalo a el mesmo reafirmeime. Collín cachos das súas cancións que me parecen preciosos e que creo que expresa moi ben.

Primer movemento: despois de la catarsis

"y pongo a ver que pasa
hoy las cartas sobre la mesa
y te voy a decir lo que a mi me
pasa, por si te interesa
Siento que me estremezco
solo de estar contigo, respirando
el mismo aire"

...

Siento que me estremezco
*será que culpa del amor todo me
sale diferente"

Gustariame explicarcho coas miñas palabras pero é iso, punto.

"todo lo que te hace sonreír, me
vale la pena
Quise hacer el mundo más feliz, y
quise volar y hacer un mundo nuevo
Y aunque todo esté por
conseguir, no me desespero"

Así e como vexo a ilusión que sintes cando te namoras, ou xa non decido tanto, pero cando che gusta alguén, cando efectivamente estás ilusionao. Con amor non só nos referimos ó romantico, por iso tamén me gusta esta outra canción, **Nana cruel**, que fala do amor entre humanos, aínda que máis ben o contrario. Máis que bonita é trista porque ten toda a razón.

“Duérmete
que te voy a contar
una nana tan cruel
como la realidad:
érase una vez
una humanidad.

Yo que, yo que pensaba...
yo que creía firmemente en el amor
Hoy ya sé que no.

...

yo que, yo que querría poder contarte
que ahí afuera está la vida y solo
hay gente

que quisiera comprenderte
y abrazarte y alegrarte
yo, que estudié al ser humano, te
digo
que no

...

duérmete, que ahí afuera
solo hay monstruos, solo hay
gente
que te compra y que te vende
que te odia y que te miente
que roba, que te mata
que te viola y que no siente nada

Non se explica como hai odio, non o entende, e eu tampouco. Este artista leva toda a vida coa mesma muller e eu imaxínome o que fai sentir porque todas as súas cancións de amor van para ela, e iso non son poucas. O bonito é ver como escribe cada unha delas corazón, como eu penso que se debería facer (case) todo porque encanta a xente que vive e con tanta intensidade, tanto para o bo como para o malo. Estar vivo, cojones, ser humano.

Es o papá máis
reguefechochiño

Tño moita sorte de
tervos conaiño

Eras miña pequena, fíxate no
colo e aurachos que os anos como
dunha "entendole"

CUANDO ESTOY CONTIGO
ME SIENTO COMPLETAMENTE EN
PAZ

CASABLANCO

Te quiero

Tienes macarrones en
la nevera

O AMOR DE IVÁN

Creo que o amor, cando é sincero, manifestase por forza en sentimentos de admiración. Quizáis, ate de verdadeira devoción.

Vemos nos demais unha beleza superior á de calquera obxeto físico, e o que ama e escoita sinte que esas verbas deberan ser oídas por tódolos oídos do mundo.

Tamén o que ama cos pés recoñece a que a perfección non está en ninguén, e con elo recoñece que todos cambiamos. É arrogante ver esa evolución natural dos que están ao noso redor como un escultor ve a perfección no bloque de mármore que vai a tallar, crendo, en definitiva, que está na súa man e na súa vontade facer mellores a os demais.

Creo que a mellor maneira de achegarse ao cambio daqueles que queremos é coma aquel que ve xermolar unha árbore fermosa. Sen a nosa presenza, probablemente medrará e medrará, pero nese camiño poderemos regalo cando falte a choiva e arrimarnos a súa sombra cando o sol máis quente, medrar, incluso, darredor del coma unha hedra, envolvendo de verde un carballo vello.

Convivir co cambio conxunto coma quen asume o paso das estacións e a chegada dos amenceres e solpores.

O AMOR DE ANTONIO

[20:49, 5/11/2022] Antonio : Para min o amor é **querer compartir**.

[20:49, 5/11/2022] Antonio : xa sexa tempo de experiencias ou a vida enteira.

O AMOR DE SOFÍA

[10:05, 6/11/2022] Sofía: Para min a vida é mesmo **o amor é loitar**, por un mesmo e quen se quere, estar aí cando se necesiten escoitar e ser cómplice. Pero amor tamén deixar marchar: senón convértese en obsesión.

O AMOR DE XIMENA

*Todo el mundo en contra mía
Morena porque te quiero
Todo el mundo en contra mía
y yo contra el mundo entero*

O AMOR DE RAFA



Beirut - Elephant Gun (Official Video)

56 M de visualizaciónes · hace 15 años

4:40

#beirut #4AD #4ADRecords Listen to more Beirut's songs here <http://bit.ly/4ADVFN>

2 Linas salmón
1 ramillete paniculata
1 ramilletes pino o algo verde

todos os Santos

11.2022


ca levar un centro de flores. Pensei nas
os recordos, nos aniversarios, e nas
mentos e os cumpleaños e chórannse as
quizais entendamos os sucesos da mesma
os e choramos os finais (porque todos,
argura).

ores. Quizais o recordo sexa un acto de
is presente, pénsote". Quizais é un
vos "tivo en conta, estivo presente,

s porque é o mellor, porque son amores
o mal, outro que quixo pouco, o que

quixo por obriga e o que quixo sen querer. Outras veces rematan para
pésame de todos: un que marcha, outro que morre, outros que non se
ntenden.

Ao volver a casa díxenlle aos meus pais que cando morra espero que
ninguén me traia flores de plástico. E se mas traen, que sexa con moito
cariño e unha desculpa. Gustaríame que me trouxesen cartas e libros
como se os fose ler. Cando volvan estarán mollados e podres, pero tamén
o estarei eu. Quero crer que o amor pervive máis alá da morte.



O AMOR DE ANTONIO

[20:49, 5/11/2022] Antonio : Para min o amor é **querer compartir**.

[20:49, 5/11/2022] Antonio : xa sexa tempo de experiencias ou a vida enteira.

O AMOR DE SOFÍA

[0:05, 6/11/2022] Sofía: Para min agardar o mesmo **o amor é loitar**, por un mesmo e quen se quere, estar aí cando se necesita escoitar e ser cómplice. Pero amor tamén deixar marchar: senón convértese en obsesión.

O AMOR DE XIMENA

*Todo el mundo en contra mía
Morena porque te quiero
Todo el mundo en contra mía
y yo contra el mundo entero*

O AMOR DE RAFA



Beirut - Elephant Gun (Official Video)

36 M de visualizacións · hace 15 años

4:43

#Beirut #4AD #AADRecords Listen to more Beirut's songs here <http://bit.ly/3akVY7k>

Flores a todos os Santos

1.11.2022

Hoxe fun ao cemiterio da aldea levar un centro de flores. Pensei nas ausencias, nas despedidas, nos recordos, nos aniversarios, e nas homenaxes. Celébranse os nacementos e os cumpleaños e chóranse as mortes e cabodanos. Por iso quizais entendamos os sucesos da mesma maneira: celebramos os comezos e choramos os finais (porque todos aínda que felices, deixan certa amargura).

Pregúntome por que levamos flores. Quizais o recordo sexa un acto de cariño "técno te en conta, estás presente, pénsote". Quizais é un recordatorio para o resto de vivos "ríveno en conta, estivo presente, penseino".

Hai amores que rematan. Ás veces porque é o mellor, porque son amoreiros crueis ou escasos. Un que quixo mal, outro que quixo pouco, o que quixo por obriga e o que quixo sen querer. Outras veces rematan porque pénsame de todos: un que marcha, outro que morre, outros que non se entenden.

Ao volver a casa díxenlle aos meus pais que cando morra espero que ninguén me traia flores de plástico. E se mas traen, que sexa con moito cariño e unha desculpa. Gustaríame que me trouxesen cartas e libros como se os fose ler. Cando volvan estarán mollados e podres, pero tamén o estarei eu. Quero crer que o amor pervive máis alá da morte.



hai moito
amor ♥
no mundo

está
en todas
partes !!



kind kinki @nefesh_ · 5d

A veces conozco a personas que me recuerdan mucho a ti: por la cara, el gesto o la forma de hablar. Y me descubro a mí misma siendo más amable y tierna con ellas porque es como si lo estuviera siendo contigo. Debe ser ahí donde se va el amor que ya no puedo darte a ti.



kind kinki @nefesh_ · 2d

No quiero permanecer atada al amor que he dado: ya no es mío, ni siquiera soy la misma persona. Te quise, te adoré, te amé todo lo que este cuerpo pudo soportar; pero no voy a desearte lo mejor ni a ponerte buena cara porque hoy a duras penas te soporto.



patri @macacotristinh0 · 03 nov. 21

la creencia de q ciertas muestras de cariño (darse la mano, dormir juntos, decirse te quiero repetidamente, regalarse flores...) deben estar reservadas exclusivamente a las relaciones románticas es, aparte de errónea, desoladora. perder el amor es perderlo todo



patri @macacotristinh0 · 03 nov. 21

todo esto viene a raíz de que me entristece ver a personas que genuinamente creen que el amor no existe porque no han podido encontrarlo en relaciones de pareja. el amor existe y, de hecho, llena o puede llenar gran parte de nuestra existencia. lo doloroso es q nos impidan verlo

AÍNDA TE
QUERO, PERO
XA NON TE
BOTO DE
MENOS.

3 NOV 2023

Nm te quero nin te boto
de menos. Alégrese de
terme afastado de ti.

O TEU AMOR

RENAMORAR

- ~~Des amigos~~
- ~~Da familia~~
- ~~Das mascotas~~
- Dun mesmo

Hai amores grandes e amores pequenos, dos que precisamos moitas pálabras para falar e dos que se entenden entre miradas, silencios, notas e poemas. Quizais non exista un amor puro, como tampouco existe un amor único. Quizais ese Gran Amor teña a mesma forma e intanxibilidade ca Deus e sirva para o mesmo: unha guía, un consolo. Quizais só exista na literatura. Eu creoo no amor cotián, non no divino. Claro que lle rezo pero sei que cae en saco roto. É un proceso. Amar é construír. Non existe amor estático (aínda que si fundamental, deses que crean sedimento, fósil no transcurso do tempo – o amor polo que levamos flores aos cemiterios). Non se debe dar por sentado, nin abandonar, desprotexer ou descoidar. Ámote cada vez que che pregunto de corazón se todo vai ben. Ámote cando ando collo unha cuncha da praia para ti. Ámote cando choro e me deixo ver sen filtro nin armadura. Ámote cando nos vemos cada día e tamén te amo cando tomamos un café cada seis meses. Ámote cando te espero. Porque o mereces, porque miraches por min e pediches perdón cando non o fixeches, porque sentín culpa cando fun eu a que non mirou por ti. Douche a man porque a proximidade dáme seguridade, “se estamos juntos estamos ben e entendémonos dende o mesmo lugar”. Ámote porque me miras, porque me ves, porque me les e me escribes e non te avergoñas de facelo.

Dende o orgullo, a dignidade, o respecto e a admiración, Ameite sabendo que marchabas. Ameite sabendo que non entendes por amor o mesmo ca min. Ameite cando te vin partir, e despois deixei ir. Deixei ir moitos amores aos que quixen coa alma e co corpo, porque non todos están feitos para pervivir. Ás veces aferrámonos a ideais e persoas que xa non están. Que unha vez foron, pero xa non son. Rompín amizades e lazos que doían demasiado manter. O amor transfórmase coma a enerxía: se non se manifesta en cariño maniféstase nas ondas do mar.

Amar é elixir. Non creo en querer por obriga familiar. Non creo en querer aos amigos de toda a vida máis ca os de hai uns anos. Quero aos que me coidaron sen esperar que provise algo a cambio, quero aos que creron en min cando gañei e cando perdín. Elixo, cada día amar os que me acollen sabendo que hai días nos que son moi fráxil e que dende a tenrura me fortalecen. Elixo amar, hostia, amar ante todas as cousas feas porque o amor está a beleza de vivir, e para que temos os ollos se non é para vela.

Non sempre é sinxelo. Require esforzos e constancia. Saber cando ceder, perdoar, reflexionar, pero sempre sen esquecerse do propio.

Amar é persistir.

Thank
you :) c3

Nº0 -PROTOTIPO

AIRA PORTOS

2023

Gracias a todos
os que participaron.